

X CONCURSO DE MÚSICA DE CÁMARA

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

Edición 2026

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. OBXECTO

As seguintes Bases serán de aplicación no desenvolvemento CONCURSO DE MÚSICA DE CÁMARA organizado polo Conservatorio Superior de Música da Coruña e coordinado polo seu Departamento de Música de Cámara. Tén por obxecto recoñecer o esforzo e a capacidade dos grupos de música de cámara do Conservatorio ben como impulsar as súas carreiras artísticas. Este ano cúmprense 10 anos dunha iniciativa que ten propulsado a carreira musical do noso alumnado. Para relanzar a práctica da disciplina de Música de Cámara no Conservatorio convidamos a participar a toda a comunidade educativa.

2. PARTICIPANTES

- Poderá participar calquera agrupación de alumnado matriculado en calquera curso da disciplina, sempre que a súa candidatura teña sido validada previamente polo seu profesor/a de Música de Cámara.
- Non serán admitidas solicitudes de grupos ou ensembles que actúen con director.
- Non serán admitidas nin valoradas solicitudes individuais de alumnos/as.

3. LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN

O lugar de realización do Concurso será o Auditorio do Conservatorio Superior de Música da Coruña e desenvolverase en 2 fases: para a **fase eliminatoria** serán utilizadas as datas de audición da convocatoria ordinaria do segundo cuadrimestre. As audicións do Concurso serán realizadas no mesmo día.

A data de realización da **fase final** será informada con antecendencia, procurando que ela se desenvolva o mesmo día das probas para a concesión de Matrícula de Honra na disciplina de Música de Cámara. As datas serán inamovibles. Todos os participantes deberán estar presentes no Auditorio 15 min antes do inicio das probas.

4. **FORMATO DO CONCURSO**

O concurso desenvolverase da seguinte maneira:

- Fase **eliminatória**: serán as Audicións da convocatoria ordinaria do segundo cuatrimestre. Esta fase é eliminatoria.
- Fase **final**: terá lugar despois dos exames oficiais do cuatrimestre aproveitando o día da probas de Matrícula de Honra da materia de Música de Cámara. Para acceder á fase final os membros do Tribunal poderán establecer unha nota mínima de corte; en todo caso, só poderán acceder a esta fase un máximo de 6 grupos.
- A orde de actuación será determinada polo Tribunal, en función das necesidades de organización.

5. **PROGRAMA/REPERTORIO DO CONCURSO**

O programa é de libre elección.

- Na fase eliminatoria, os participantes presentarán un programa de entre 10-15 minutos de duración, podendo ser obras completas ou movementos soltos.
- Para a fase final, os participantes poderán presentar obras completas ou movementos soltos. O repertorio debe ser **diferente** ao da fase eliminatoria, cunha duración de entre 15-20 minutos. O Tribunal poderá interromper a interpretación en calquera momento.
- Será valorada a realización dunha breve presentación oral da agrupación e do repertorio a executar por parte dos participantes.

6. **INSCRICIÓN DOS PARTICIPANTES**

Os grupos realizarán a súa **Inscripción** entregando o Boletín de Inscripción ao seu profesora/a da disciplina, que o remitirá ao Xefe de Departamento.

A inscrición será única para o todos os membros de cada grupo, sendo completamente gratuíta.

7. **PRAZO DE INSCRICIÓN**

Os profesores/as teñen de prazo para enviar o **Boletín de Inscripción** ata o día luns 11 de maio de 2026.

Só serán válidas as inscricións realizadas en tempo e forma.

O profesor/a debe enviar, por email, ao Xefe de Departamento (xafern1@gmail.com) o Boletín de Inscripción debidamente cuberto e as

partituras das obras presentadas. Unha vez finalizado o prazo de inscrición, publicarase a listaxe de grupos participantes.

8. PREMIOS

O máximo de premios que se poderán outorgar será de **tres**, sen vinculación a formacións instrumentais específicas nin número de intérpretes.

O primeiro grupo gañador será convidado a realizar unha **actuación monográfica** nunha institución cultural da cidade, a concretar segundo tempo e disponibilidad durante o primeiro cuatrimestre do curso 2026-2027. Este grupo tamén será acredor dun **bono cultural**, cun valor aproximado de 100 euros en material musical. Igualmente, o grupo gañador será agraciado cunha **gravación profesional de audio e vídeo** que sirva como material promocional.

No caso de haber máis grupos premiados, os mesmos realizarán **outro concerto á parte**, nun espazo a determinar.

9. XURADO DO CONCURSO

O **xurado** estará formado por 5 profesores/as do Departamento, nomeados preferentemente de entre os profesores/as que non presenten grupos ao Concurso.

As resolucións do xurado serán inapelables, estando facultado para resolver todas as cuestións que poidan surxir na interpretación das presentes Bases.

10. DISPOSICIÓNS FINAIS

- Non se admitirán cambios nos programas de concerto indicados no Boletín de Inscrición polos concursantes.
- A fase eliminatória e a final, ben como o acto de entrega de premios, estarán abertos ao público e poderán ser gravadas con fins académicos. Os participantes ceden os seus dereitos de imaxe ao aceptar as Bases e facer entrega do Boletín de Inscrición.

A Coruña, 7 de abril de 2026

**FORMULARIO DE INSCRICIÓN NO X CONCURSO DE MÚSICA DE
CÁMARA DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA**

1. **Denominación do grupo:**

2. **Nome, apelidos e especialidade dos integrantes:**

3. **Repertorio a interpretar** (incluír autoría e duración aproximada):

-fase eliminatoria

-fase final

4. **Correo electrónico de contacto:**

5. **Sinatura do profesor/a que valida a inscrición:**